

O ALGA DIXITAL: DO PAPEL AO PÍXEL

PEDRO GARCÍA-LOUZAO & XULIO SOUSA

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

Unha das obras máis importantes da Lingüística Galega é o *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, un proxecto iniciado na década dos 70 por investigadores do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. O propósito fundamental dos investigadores foi estudar a variación diatópica nos distintos niveis de análise: fonética, morfoloxía, sintaxe e léxico. A recollida da información realizouse entre 1974 e 1977 en 167 localidades do dominio lingüístico galego. Froito dese traballo de campo, publicáronse dende 1990 sete volumes con mapas de morfoloxía, fonética e léxico. Unha vez rematada, a obra comprenderá doce volumes.

No ano 2024 púxose en marcha, grazas ao financiamento e iniciativa da Fundación Barrié, o desenvolvemento dunha versión dixital do *ALGa*. Nas últimas décadas emprendéronse varias iniciativas xeolingüísticas co fin de facilitar o acceso ós materiais de atlas lingüísticos a través de aplicacións web. Nuns casos ofrécese versións dixitalizadas das publicacións en papel, complementadas en ocasións con ferramentas de busca; son exemplo, no panorama ibérico, o *Atles Lingüístic del Domini Catalá (ALDC)*, o *Petit Atles Lingüístic del Domini Catalá (PALDC)* e o *Euskararen Herri Hizkeren Atlas (EHHA)*. Noutros casos o acceso ós materiais móstrase por medio de aplicacións dinámicas que permiten facer buscas sobre as bases de datos e elaborar mapas de xeito personalizado. O *World Atlas of Language Structures (WALS)*, pioneiro deste tipo de obras, e o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)* son exemplos desta forma de presentación da información xeolingüística.

O *ALGa dixital* segue esta segunda liña. A partir dunha selección de materiais dos volumes xa publicados (preto de mil mapas), proporciónase o acceso á información clasificada en tres categorías (fonética, morfosintaxe e léxico), a posibilidade de obter visualizacións cartográficas similares ás dos volumes en papel e tamén a opción de que os usuarios modifiquen a representación das variantes segundo o seu interese (apagar símbolos, modificar forma e cor, representar só certas variantes, etc.). O resultado das consulta poderá descargarse en formato texto, como imaxe ou ben compartirse a través dunha ligazón. Nesta comunicación presentaranse polo miúdo os obxectivos, a metodoloxía empregada, os avances e o estado actual do *ALGa dixital*.